

**LIXO ROCK 2010**



**XVI edición.**

**VENRES, 10 de Setembro.**

**A partires das 21,00H – entrada de Balde.**

**Feira do gando, REDONDELA.**

**E O MARTES 7 DENDE AS 6 DA TARDE NO MESMO LUGAR**

**“CONCENTRACIÓN ARTELIXO”**

**SACA A TUA CREATIVIDADE DO LIXO PARA ENCHER  
AS RÚAS E PRAZAS DA VILA DE CULTURA DO REFUGALLO...**

**LIXO ROCK** nace en Redondela alá polo ano 1995 dentro do programa da exposición de esculturas feitas con materiais de refugallo, ARTELIXO, organizado pola asociación de axitación cultural daquel tempo JOSÉFÁ, a partires dunhas protestas xunto a outros colectivos por un vertedoiro de lixo incontrolado e ilegal cerca do centro da Vila, á beira do centro de saúde e varios colexios.

Durante un tempo, esculturas feitas de lixo encheron as rúas de Redondela . Entre outras iniciativas nace o LIXO ROCK; o festival de música máis democrático da historia. Isto ocorreu hai 16 anos (ai!!! 16 anos). Logo de cinco anos, e moito éxito, (ah!, e o vertedoiro selado) a exposición deixou de facerse pero o LIXO ROCK continuouse montando ata agora, grazas a moita xente que colabora dun xeito ou outro, (tamén o concello bota unha man) pero sobre todo os que se encargan de que todo funcione; Pedro, Toti, Chiri, Varo ... que dicían que se trata do festival máis democrático do mundo porque non ten un cartel de grupos máis ou menos coñecidos, ou locais, senón que a organización brinda o material e a oportunidade de mostrar o seu talento (ou a súa falta) a todo aquel que se presente.

Veremos coma sempre no escenario músicos do pobo, “vellos/as rockeiros” e “rockeiras” mesturados/as coa “canteira” máis nova tocando gran variedade de estilos.

A filosofía foi clara dende o principio, un escenario medianamente equipado para que comece a super “jam session” , como xa hai tradición, moita xente ensaia uns días ou meses antes, montando o grupo para a ocasión, mesturándose entre músicos de bandas xa formadas ou músicos afeccionados que montan a súa, e como non, moita, moita improvisación...Ao longo da noite escóitanse unha chea de estilos diferentes, as versións compaxínanse con temas propios, e a medida que a noite avanza vai imperando o ROCK&ROLL

Nós poñemos a amplificación e toda a infraestrutura, e quen queira participar, só ten que traer o seu instrumento (agás a batería que tamén a cede a organización). Esas son as regras.

Sucede que cada ano hai maior demanda e o festival comeza agora as 9 da noite (e so se conceden 20 minutos por grupo) i en pouco

tempo enchemos a "tarxeta de baile". Polo que aconsellamos a aqueles que veñan de fora de Redondela que madruguen ou se poñan en contacto connosco a través da nosa páxina web [www.blogoteca.com/lixorock](http://www.blogoteca.com/lixorock) ou no correo electrónico [pedropelis1@yahoo.es](mailto:pedropelis1@yahoo.es), [lixorock@yahoo.es](mailto:lixorock@yahoo.es) ou no facebook e o twenty. Outro aspecto que intentamos mellorar cada ano e que está moi vinculado á orixe do festival é a escenografía, inspirada nos artelixos, que este ano volverán a encher as rúas da vila así como a poesía para peóns, unha iniciativa que estreamos este ano. Esta edición celebrarase outra vez na antiga feira do gando situada na estrada da Praia, xunto a depuradora e a discoteca La Fábrica. Hasta certo punto o lugar ten a súa poesía xa que alí era onde o concello almacenaba o lixo que deu lugar ó conflito que deu lugar ó concerto; máis é un lugar un pouco afastado e non tan entrañable como a pista de patinaxe da alameda, que é onde sempre se celebrou. Polo tanto o vindeiro venres 10 de setembro, si nada lle pon remedio, alí estaremos. Esperámosvos. Animamos a participar a todo o mundo, fagan a música que fagan; e ós que non son músicos que se acheguen porque temos un bar con prezo populares e van pasar unha moi boa noite e ver e escoitar un feixe de músicos e músicas do Pobo e arredores. Redondela leva uns anos de rexurdir musical con mais de una vintena de grupos estables e diversidade de estilos, Metal, Punk, Indie, Hip hop, Tradicional, etc.

**Dende o ano 2007 tamén estamos "sumerxidos" nun **blog** na internet onde tentamos amosar, apoiar e espallar os músicos e as músicas que soan por Redondela e arredores, onde imos poñendo noticias, concertos, novidades, vídeos, etc e que sexa un foro aberto aberto a suxerencias e colaboracións de toda a xente afeccionada á música.**

<http://www.blogoteca.com/lixorock/>

Saúdos e...

¡¡LoNGA VIDA Ao LIXO **ROCK!!**

